



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña

Vista a Resolución número 2021/20449 que aproba a concesión definitiva de subvencións do programa FO023B/2021, onde se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO023B: Programa de Socorrismo dirixido a Concellos, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO

PRIMEIRA- Aprobar as Bases para a contratación de persoal laboral temporal, dun Socorrista contidas no Anexo I deste Decreto.

SEGUNDA- Publicar as Bases recollidas no Anexo I do presente Decreto, na páxina web do Concello de Negreira (www.concellodenegreira.gal)

TERCEIRA- Dar conta deste Decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

En Negreira a 1 de xuño de 2021



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

ANEXO I

BASES CONTRATACIÓN SOCORRISTA FINANCIADO POLA EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA. SOCORRISMO 2021.

1- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación dun/dunha socorrista para a Piscina Municipal do Concello de Negreira, mediante contratación laboral de duración determinada.

As funcións a desenvolver son as seguintes:

- Garantir de forma directa e persoal, a seguridade dos usuarios e bañistas, durante o tempo que permanezan no vaso da piscina.
- Advertir as persoas e bañistas dos perigos que poden correr, unha vez no vaso da piscina, se non saben andar e manterse na piscina.
- Prestar, de forma directa e persoal, os primeiros auxilios as persoas bañistas que, por calquera razón ou motivo, encontrándose no vaso da piscina, poidan pasar apuros ou malestar.
- Pasar o limpa-fondos e limpeza do vaso.
- Análise diario do PH e cloro de auga mantendo os niveis establecidos por Sanidade.
- Manexo da depuradora: limpeza do filtro, lavado de arenas, contralavado, limpeza de pediluvios e aplicación de produtos químicos.
- Controlar o acceso e o aforo da piscina.
- Calquera outra función que fose necesaria desempeñar do acordo o seu posto, e conforme a lexilación vixente.

2- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN.

MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABAJO.- Contrato de duración determinada por obra ou servizo determinado.

XORNADA: completa

DURACIÓN: TRES (3) MESES dende a sinatura do contrato..

3- CONDICIÓN ASPIRANTES.- Para poder tomar parte na presente convocatoria, as persoas aspirantes deberán estar en posesión dos seguintes requisitos, no momento de ser convocados pola Oficina de Emprego Santiago Norte;

a) Ser español/a ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos temos establecidos no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non superar a idade máxima de xubilación. (DNI)

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do cargo. (Acreditarase cun informe ou certificado médico, e será obrigatorio presentalo antes da súa contratación)

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Local ou doutras Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. (Anexo II)

e) Estar en posesión do título de socorrista acuático e instalacións acuáticas así como a acreditación de figurar inscrito no Rexistro profesional de socorristas acuáticos.

4- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Estará constituído polos seguintes membros actuando todos con voz e voto:

- Presidenta: Sonia Ponte Esturao, AEDL do Concello de Negreira
- Secretaria: Sonia Nieto López, Orientadora Laboral do Concello de Negreira
- Vogais : Álvaro Lira Gorgal Coordinador de Cultura e Deportes do Concello de Negreira e Marcos Pérez Lourido Coordinador de Cultura e Deportes do Concello de Negreira, Patricia Barreiro Casal, Secretaria Accidental do Concello de Negreira.

Os membros do Tribunal poderán recibir o apoio de cantos asesores consideren oportuno.

O tribunal non poderá constituírse sen actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso será imprescindible a presenza do Presidente e do/a Secretario/a ou de quen os substitúan.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores especialistas, actuarán con voz e sen voto.

5- SISTEMA DE SELECCIÓN:

O sistema de selección será o de Concurso-Oposición.

Tras oferta pública á Oficina de emprego Santiago Norte, os candidatos preseleccionados pola mesma citaranse para a realización de proba escrita, ese mesmo día recollerase a documentación para a fase de baremación de méritos, (fase concurso). Tras este proceso publicarase os méritos e a puntuación do exame provisional outorgándose 2 días hábiles para posibles reclamacións ou alegacións ata a publicación na páxina web e no taboeiro de anuncios da puntuación definitiva.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

5.1- Fase de Concurso(máximo 7 puntos)

1.- Por outras titulacións relacionadas co posto, computarase unicamente o nivel superior acreditado.(máximo 1 punto)

- Graduado ou Licenciado en INEF.....1 Puntos.
- Mestre especialista en educación física.....0.75 Puntos.
- Técnico superior en actividades físicas e deportivas.....0.50 Puntos.

2.- Por cursos relacionados directamente coa actividade a desenvolver; (máximo 2 puntos):

- Cursos iguais ou superiores a 100h..... 1 Punto.
- Cursos entre 50 e 99 horas..... 0.50 Puntos.
- Curso iguais, ou superiores a 20 horas ata 49.....0.25 Puntos.

3.- Por experiencia acreditada no desempeño de postos de traballo semellantes, calcularase do seguinte xeito; 0,20 puntos por mes de servizo ou fracción superior a 15 días, ata un máximo de **2 puntos**. Xustificarase polos seguintes medios: Informe de Vida Laboral e Certificados de Empresa ou Contratos de Traballo. (máximo 3 puntos)

4.- Polo coñecemento do idioma galego, computarase unicamente o grao superior acreditado e concedéndose validez en exclusiva ós cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.:(máximo 1 punto)

- Celga 2: 0, 25 puntos.
- Celga 3: 0, 50 puntos.
- Celga 4: 1 punto.

Sumarase a puntuación acadada nos apartados 1, 2, 3 e 4 para determinar a puntuación total na fase de concurso.

Os documentos orixinais acreditativos destes méritos deberán ser presentados o día fixado para a realización da fase de oposición

5.2 Fase de oposición: (máximo 10.50 puntos)

Os/as interesados presentaranse no lugar, día e hora, fixados polo concello aos efectos de levar a cabo unha proba escrita, onde se valorarán as aptitudes, cualidades e coñecementos. A proba consistirá nun exame tipo test de 21 preguntas, valorado en 0.50 puntos cada pregunta acertada correctamente, sendo a puntuación máxima acadable de 10.50 puntos. O temario da devandita proba é o seguinte:

-Temario General: 1. A Constitución Española: Principios xerais e Dereitos fundamentais. 2. O municipio, territorio e poboación. 3. Organización Municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias Municipais. 4. Os dereitos e deberes dos Emprgeados Públicos -Temario Específico: Primeros Auxilios 1. Principios xerais do socorrismo 2. Hemorraxias 3. Feridas 4. Queimaduras 5. Fracturas, esguinces e luxaciones 6. Reanimación cardio



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

pulmonar 7. Problemas de consciencia: lipotimias, golpes de calor e shock 8. Salvamento acuático 9. Afogados

6- RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN.

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes (a puntuación final do proceso será a resultante de sumar ás puntuacións obtidas na fase de concurso e oposición) o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do concello de Negreira (www.concellodenegreira.es). En caso de empate, atenderase a mellor nota obtida na proba práctica, e de persistir o empate, o tribunal acordará a realización dunha entrevista.

A citada entrevista puntuarase ata un máximo de 1,5 puntos.

7- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.-

A formalización do contrato realizarase no momento no que a persoa seleccionada presente a seguinte documentación:

- D.N.I
- Titulación esixida.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, CCAA ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Informe ou certificado médico que xustifique que o aspirante ten aptitude física para realizar as tarefas do posto de traballo.

Establecerase un período de proba de 15 días, conforme o artigo 14 do Real Decreto 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores. Transcorrido este período se a persoa da que se trata o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

O non previsto nas presentes bases, será de aplicación o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación.

8.- RECURSOS.-

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos dimane destas, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e coa forma que se prevé no art. 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do Sector Público.

9.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporándose nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Negreira, onde poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición dirixindo á Secretaría solicitude asinadas por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consintan o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal , o rexistro de solicitudes de candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar publicidade a esixida ó procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha forma non rango de Lei”.

En Negreira a 1 de xuño de 2021.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

ANEXO

ANEXO I; MODELO DE INSTANCIA DE SOLICITUDE SOCORRISMO.

DNI: _____
NOME E APELIDOS: _____
TELÉFONO DE CONTACTO _____
ENDEREZO: _____
CÓDIGO POSTAL: _____

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Negreira do devandito programa.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (fotocopias), e a documentación establecida como requisito. Marcar cunha (X) o que se presenta:

- DNI.
- Cursos de galego CELGA ou equivalente
- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da formación aportada polo aspirante,

así como dos cursos relacionados coas función propias do traballo a desenvolver.

- Xustificación de estar en situación de desemprego (autorización para a súa consulta)
- Declaración xurada de cumprir cos requisitos desta convocatoria.

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. En Negreira, de de 2021.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

ANEXO II: DECLARACIÓN XURADA.

Eu, D. _____ con DNI;

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin que fora sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

En Negreira, de _____ de 2021.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

ANEXO III: AUTORIZACION



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña).- CIF. P1505700-C.-Telf. 981 88 52 50
Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

Eu, D. _____ con DNI;

- AUTORIZO, Ó SERVIZO LOCAL DE EMPREGO DO CONCELLO DE NEGREIRA, PARA QUE COMPROBE OS DATOS DA MIÑA DEMANDA DE EMPREGO NO SERVIZO PUBLICO DE EMPREGO GALICIA.

En Negreira, de _____ de 2021.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.